



VIVENDAS DE USO TURÍSTICO

- Decreto 12/2017, de 26 xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e [vivendas de uso turístico en Galicia](#) (DOG 10/2/2017)
- Lei 7/2019, de 23 decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG 27/12/19)

QUE SON AS VIVENDAS DE USO TURISTICO?

Son vivendas de uso turístico as cedidas a terceiras persoas, de maneira reiterada e a cambio de contraprestación económica, para unha estancia de corta duración, amobladas e equipadas en condicións de inmediata dispoñibilidade.

A cesión será da totalidade da vivenda, non podendo formalizar contratos por cuartos nin coincidir dentro da vivenda persoas usuarias que formalicen diferentes contratos.

QUEN DEBE INSCRIBIRSE?

Aqueles que teñan unha vivenda para uso residencial privado que queiran alugala por períodos de menos de 30 días e 2 ou máis veces ao ano.

QUE INSTALACIÓNS / SERVIZOS DEBO OFRECER?

Deberá estar amoblada co equipamento mínimo necesario acorde ao número de plazas de capacidade, estar limpa, e deberá ter calefacción se vai funcionar entre setembro e xuño incluídos.

QUE OBRIGAS DEBO CUMPRIR?

Ter un seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos dos usuarios, por danos corporais, materiais ou económicos derivados do desenvolvemento da actividade de aluguer.

Rexistrar aos hóspedes maiores de 16 anos, nun prazo de 24h, mediante os partes de viaxeiros da Garda Civil ou Policía Nacional según corresponda por zona.

Comunicar, de forma trimestral, á área de turismo da Xunta, a través da plataforma Turespazo.

Facer constar o código de rexistro turístico mais o Certificado Enerxético da vivenda, debidamente rexistrado e en calquera publicidade que se faga (portais de internet).

QUE ASISTENCIA DEBO DAR?

Un número de teléfono de contacto permanente para atención de incidencias, e garantir o mantemento e bo funcionamento da vivenda.

Ter follas de reclamacións a disposición dos usuarios.

QUE DOCUMENTACIÓN DEBO TER EN CASO DE QUE ME SEXA REQUIRIDA NUNHA INSPECCIÓN?

DNI, no caso de particulares, ou documento de constitución da empresa, en caso de sociedades

Título de propiedade da vivenda ou contrato que probe a dispoñibilidade da mesma

Licenza de primeira ocupación ou cédula de habitabilidade ou certificado fin de obra, ou ben documento acreditativo de que se trata dunha vivenda que non está cualificada como ilegal polo concello a efectos urbanísticos.

QUE DOCUMENTACIÓN DEBO TER A DISPOSICIÓN DO HÓSPEDE NA PROPIA VIVENDA?

Follas de reclamacións da Xunta. Se poden descargar e imprimir, ou ben adquirilas no Servizo Provincial de Turismo, por un importe de 0,15 € cada unha. É suficiente ter tres follas por vivenda.

Rótulo que indique que existen follas de reclamacións, en lugar visible

Copia selada do código de inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta (REAT).

*Teléfono do Servizo Provincial de Turismo en Pontevedra :
986 805553 / 986 805572*

A TER EN CONTA

As VUT poderán ser comercializadas polo propietario, polo representante legal do propietario (sexa unha persoa ou empresa) e por empresas turísticas reguladas no artigo 33.1 da Lei 7/2011, de 27 de Outubro.

Poderán establecerse unhas normas de uso réxime interior. No caso de que a persoa aloxada incumpra as normas de uso ou as ordenanzas municipais correspondentes, o titular da propiedade ou o xestor da viveenda poderá requirir a persoa usuaria que abandone a vivenda

A condición de VUT impide que a vivenda se utilice como domicilio.

Non será posible destinar unha vivenda a uso turístico se os estatutos da comunidade o prohiben sempre que estes mesmos estén inscritos no Rexistro da Propiedade.

Considerarase infracción administrativa grave a realización de actividades e prestación de servizos sen ter presentado a correspondente declaración responsable ou obtida a preceptiva autorización turística. (Prescribe dous anos despois de que cese a conduta infractora)

Infracción grave: multas de 901 a 9.000 euros.

A graduación da sanción dependerá de conceptos como intencionalidade, reiteración da conduta infractora, beneficio ilícito obtido, repercusións negativas sobre o sector turístico e a imaxe turística de Galicia entre outros conceptos.

ENLACES DE CONSULTA E AMPLIACIÓN DE INFORMACIÓN

Normativa de ordenación das Vivendas de Uso Turístico

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170210/AnuncioG0244-020217-0002_es.html

Medidas fiscais e administrativas

<https://www.boe.es/eli/es-ga/l/2019/12/23/7>

Hospederías Guardia Civil (Rexistro de Viaxeros)

<http://hospederias.guardiacivil.es>

Plataforma Turespazo

<https://turespazo.turismo.gal/es/inicio>

Manual de uso de Turespazo

https://www.turismo.gal/tebas/cms/filestore/1/6/9/0/0_c5eaafc9c41fc48/16900_ef7fd65bf5621d7.pdf

Follas de reclamacións

https://www.turismo.gal/docs/mdaw/mtu2/~edisp/turga156214.pdf?langId=es_ES

